

## TESOURERÍA: INFORME MOROSIDADE E PMP 1º TRIMESTRE 2024.

**Asunto:** Informe da Tesourería sobre o cumprimento dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao primeiro trimestre 2024.

### Lexislación aplicable

- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación de la Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, establece no seu apartado 3 do seu artigo cuarto: “Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.”

O apartado 4 do mesmo artigo, establece que “Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

A Lei 3/2004, establece non seu artigo 3, apartado 1, que a Lei será de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas



e a Administración desta Entidade Local, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así, ter establece o artigo 198.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. (...) Sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210 e no apartado 1 do artigo 243, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo.

A Orde ministerial HAP/2105/2012, do 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, que determina o procedemento para seguir para a remisión da información, establece no seu artigo 16.6 que antes do último día do mes seguinte á finalización de cada trimestre do ano remitirase, entre outros, o informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pago global a provedores e do período medio de pago mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagas e pendentas de pago de cada entidade e do conxunto da Corporación Local.

Por outra banda, coa publicación do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo de 2014, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; establece o método de cálculo do período medio de pago a provedores. O período medio de pago (PMP) definido aquí mide o atraso

**no pago da débeda comercial en termos económicos** como un indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. O cálculo o PMP do Concello de Teo extraese directamente de aplicación informática contable que realiza os cálculos de forma automática, segundo os datos ofrecidos o período medio de pago correspondente ao 1º trimestre é de 54,42 días, incumpríndose o prazo máximo de 30 días.

Debe terse en conta a “Guía para o cálculo do período medio de pago a provedores das entidades locais” publicada polo Ministerio de Facenda e Función pública en decembro de 2022 que o momento de inicio do cómputo de prazos será:

- No caso de certificacións mensuais de obra: desde a súa data de aprobación, podendo entenderse por tal o momento de recoñecemento da obriga.
- No caso de operacións comerciais nas que resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación de bens entregados e servizos prestados computa dende a data de aprobación de ditos documentos ( informe de conformidade, acta de recepción, etc.) que non ten que coincidir co acto administrativo e contable de recoñecemento da obriga.
- Operacións comerciais nas que non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens entregados ou servizos prestados ou a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade: desde a data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente. Se non hai obrigación de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

Neste Concello consta implantado un sistema de conformidade das facturas, recibindo cada unha das facturas unha conformidade individual, co cal o inicio do cómputo realizase dende esa data de conformidade, debendo producirse tanto a fase de aprobación das facturas como posteriormente o pago das mesmas dentro do prazo de 30 días dende a conformidade.

En virtude de todo o exposto e para dar cumprimento á obrigaón legal, achéganse os seguintes informes:

- Pagos realizados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda, e desagregación no Anexo I extraído da aplicación contable municipal.
- Intereses de demora pagados no trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre: Resumo extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda e desagregación no Anexo II extraído da aplicación contable municipal.
- Detalle do período medio de pago global a provedores (formato extraído da plataforma AUTORIZA, do Ministerio de Facenda).

### Informe de Morosidade

**EXERCICIO**

**2024**

**PRIMEIRO TRIMESTRE**

Código de Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	PAGOS REALIZADOS NO PERÍODO				
			Período Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Período Legal Pago		Pagos Fora período Legal Pago	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	141,69	742	404.821,02	3086	2.542.925,14

Código da Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO PERÍODO	
			Número de Pagos	Importe Total Intereses
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	0	0

Código de Entidade	Entidade	Tipo de Contabilidade	FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO PERIODO				
			período Medio Pago Pendente (PMPP) (días)	Dentro período Legal Pago ao Final del período		Fora período Legal Pago ao Final del período	
				Número de Operacións	Importe Total	Número de Operacións	Importe Total
11-15-082-AA-000	Teo	Limitativa	51,37	598	1.303.089,81	406	499.796,97

**PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES TRIMESTRAL**

**DETALLE POR ENTIDADES**

**TRIMESTRE 1º TRIMESTRE  
AÑO 2024**

En días

Código de Entidade	Entidade	Ratio de Operacións Pagadas	Ratio de Operacións Pendentes de Pago	período Medio de Pago Trimestral
11-15-082-AA-000	Teo	66,20	24,68	54,42



CONCELLO  
DE **TEO**  
Tesoureiría

# ANEXO I

## PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE DESAGREGADOS

Concello de Teo  
Ejercicio: 2024

Trimestre: Primeiro

**Pagos realizados en el Trimestre**

Pagos realizados en el Trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el Trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	117,77	736	403.430,34	3018	1.989.881,88
20- Arrendamientos y Cánones	133,51	5	2.973,69	49	62.421,05
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	128,01	11	6.351,03	130	67.092,13
22- Material, Suministro y Otros	116,98	720	394.105,62	2839	1.860.368,70
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	244,93	6	1.390,68	68	553.043,26
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0		0	
<b>TOTAL</b>	<b>141,69</b>	<b>742</b>	<b>404.821,02</b>	<b>3086</b>	<b>2.542.925,14</b>



CONCELLO  
DE **TEO**  
Tesoureiría

# ANEXO II

## FACTURAS OU DOCUMENTOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE DESAGREGADOS



Concello de Teo

Ejercicio: 2024

Trimestre: Primero

**Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre**

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro periodo legal pago a final del trimestre		Fuera periodo legal pago a final del trimestre	
		Nº Operaciones	Importe total	Nº Operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	63,35	416	595.954,28	236	331.130,13
20- Arrendamientos y Cánones	51,36	13	16.308,42	7	5.069,15
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	62,16	73	33.488,26	43	29.036,70
22- Material, Suministro y Otros	63,75	330	546.157,60	186	297.024,28
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0		0	
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0		0	
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0		0	
Inversiones reales	51,52	16	203.300,38	4	49.310,42
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0		0	
Pendientes de aplicar a Presupuesto	33,49	166	503.835,15	166	119.356,42
<b>TOTAL</b>	<b>51,37</b>	<b>598</b>	<b>1.303.089,81</b>	<b>406</b>	<b>499.796,97</b>